



# **PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDAS SAUDABLES**

---

**1º ESO**

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN
3. CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E ALUMNADO: CONTEXTO
  - Contexto educativo do concello
  - Alumnado e profesorado
  - Instalacións e medios materiais
4. OBXECTIVOS XERAIS
5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
6. CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN E MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA
  - TEMPORALIZACIÓN
  - CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE
  - INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
  - CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO
  - OBXECTIVOS PROPOSTOS (PLURILINGÜISMO)
  - ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS
  - PAUTAS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO

## INTRODUCCIÓN

O Sistema Educativo español, e por extensión o galego, atópase nun período de renovación. A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades. A presente programación basearase nos decretos que desenvolven dita lei na Comunidade Autónoma de Galiza, para elo debemos ter presente o seguinte marco lexislativo:

- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a ESO e do bacharelato.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza.
- ORDE do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes de Galiza. A citada RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, no capítulo III, dita instrucións para a implantación do Bacharelato no curso 15/16, e, no capítulo IV, instrucións sobre as materias de libre configuración do centro. Desta forma temos situada a materia PROMOCIÓN DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLE (PEVS) dentro do marco lexislativo, e pasamos a desenvolver o terceiro nivel de concreción curricular a través da programación didáctica de área. A programación didáctica realízana os departamentos e os apartados que debe presentar están recollidos no Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (Decreto 324/1996, do 26 de xullo, DOG 09-08-96) na Orde do 1 de agosto de 1997 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do ROC, na Orde do 28 de xuño de 2010 que a modifica parcialmente a anterior, e a Orde do 20 de xuño de 2019 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2019/20 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galiza, e na RESOLUCIÓN do 27 de xullo de 2015, no Capítulo V, relativo ás programacións didácticas.

Todos estes aspectos lexislativos, así como os intereses do alumnado e a tradición do centro son os aspectos nos que o departamento de Educación Física se baseou para a proposta e realización da presente Programación Didáctica.

## XUSTIFICACIÓN

Na sociedade actual a mellora da esperanza de vida, o maior logro alcanzado pola raza humana, vese ameazada debido á adquisición e o mantemento de estilos de vida prexudiciais para a saúde. A enorme capacidade de adaptación do ser humano, que lle permite entre outras cousas habitar en ambientes extremos en todos os recunchos do mundo, converteuse nunha arma de dobre fío para a esperanza de vida. A adquisición de

hábitos de vida prexudiciais para a saúde, como a inactividade ou a dieta desequilibrada, está a conseguir que se incrementen os índices de obesidade e de sedentarismo ata niveis alarmantes, xa desde idades moi temperás, así como as doenzas derivadas diso e, como consecuencia, a morte prematura.

As institucións nacionais e internacionais máis importantes no ámbito da saúde alertan de que a prevención de comportamentos perigosos para a saúde e a promoción de estilos de vida saudable deben abordarse en idades cada vez máis temperás, e nomeadamente desde o ámbito educativo. Estas institucións coinciden en que a loita contra os baixos niveis de actividade física e os seus efectos prexudiciais, e a loita contra a obesidade e os seus efectos negativos, son os alicerces sobre os que se debe asentar calquera intervención desde o ámbito educativo. Nos primeiros cursos de ESO o alumnado experimenta importantes cambios persoais e sociais, e entra en contacto por primeira vez con determinados hábitos tóxicos aos que debe saber enfrontarse.

O currículo de Promoción de Estilos de Vida Saudables ten como finalidade abordar a prevención dos efectos negativos da inactividade física e da dieta desequilibrada, tratando de proporcionarlle ao alumnado unha serie de competencias que lle permitan, desde a práctica, adquirir e instaurar un estilo de vida saudable e que este se manteña no tempo.

O currículo divídese en dous bloques de contidos: "**Actividade física e saúde**" e "**Alimentación para a saúde**". Esta distribución non determina métodos nin organizacións concretas; soamente responde a unha forma coherente de presentar os contidos, deixando liberdade ao profesorado para a súa concreción curricular e a súa temporalización, adaptando a metodoloxía máis adecuada ás características tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos. Con todo, dada a importancia que para a instauración dun hábito ten a súa práctica frecuente, é importante favorecer unha metodoloxía que se fundamente na aprendizaxe a través da práctica, o traballo en equipo e o desenvolvemento de proxectos.

O bloque de contidos "Actividade física e saúde" está centrado no coñecemento dos efectos positivos sobre a saúde de levar unha vida activa, e débelle permitir ao alumnado avaliar de forma básica o seu nivel de actividade física, aplicando métodos sinxelos e as novas tecnoloxías, á vez que deseña e pon en práctica un plan de intervención e promoción dun estilo de vida activo tanto para el mesmo como para as persoas do seu contorno, con especial atención á familia. Ademais, aborda de maneira sinxela o traballo no ámbito socioemocional de estratexias que lle permitan evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, lecer excesivo a través de pantallas, etc.). Este bloque de contidos procura, a través da práctica de actividade física e o traballo por proxectos, que o alumnado poida afianzar as ferramentas e os coñecementos necesarios para definir e pór en práctica o seu propio estilo de vida saudable.

O bloque de "**Alimentación para a saúde**" busca que o alumnado adquira as competencias necesarias para instaurar uns hábitos de alimentación e hidratación saudables que lle permitan o cumprimento das recomendacións científicas para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria. A través do coñecemento dos alimentos e das bebidas, así como das súas proporcións máis adecuadas ás súas propias características e demandas enerxéticas, o alumnado debe aprender a avaliar de forma sinxela a súa inxestión e a instaurar un estilo de vida saudable a través da elaboración e a posta en marcha de dietas equilibradas, partindo de patróns alimentarios saudables, como as dietas atlántica e mediterránea. Procúrase tamén o desenvolvemento da capacidade crítica na compra de alimentos e bebidas, dotando de ferramentas que permitan facer unha análise crítica das etiquetas nutricionais. No ámbito socioemocional, trátase de dotar o alumnado das ferramentas básicas para se enfrontar con éxito ao perigo de adquirir hábitos tóxicos para a súa saúde (alcohol, tabaco, drogas, etc.).

A materia trata de conseguir que, a través dunha aprendizaxe eminentemente práctica, o alumnado adquira e consolide un estilo de vida saudable propio que satisfaga as súas necesidades e que se axuste aos seus intereses, tendo en conta que se atopa nun período especialmente sensible da súa vida no que a adopción de patróns de conduta cobra a máxima importancia.

En definitiva, preténdese vincular o alumnado a prácticas saudables, a través de aprendizaxes que teñan unha carga emocional positiva e que poida aplicar nas vivencias do seu día a día. É tamén unha boa ocasión para aplicar diferentes metodoloxías para a xestión de aula con tarefas pertinentes e contextualizadas, buscar a relación con outras materias e, así, construír aprendizaxes significativas para facer do alumnado suxeitos competentes no desempeño do seu propio estilo de vida saudable.

Recoméndanse, xa que logo, metodoloxías que poidan mobilizar coñecementos, habilidades e actitudes en situacións moi próximas á realidade vivida polo alumnado, que estimulen a súa creatividade e sexan capaces de crear aprendizaxes significativas. Os traballos de campo son unha potente ferramenta para a súa consecución nesta materia. Resulta tamén clave insistir no emprego de ferramentas de avaliación axeitadas e coherentes coas metodoloxías recomendadas, sempre adaptadas ao nivel de desenvolvemento cognitivo do alumnado nos primeiros cursos de ESO.

## CARACTERÍSTICAS DO CENTRO E ALUMNADO: CONTEXTO

### A) Contexto educativo do concello

O concello de Ames, na provincia de A Coruña, atópase na comarca natural de A Maía limitado cos municipios de Santiago de Compostela, Teo, Brión, A Baña e Val do Dubra. Ten unha extensión de 94 km sobre a que se distribúen as súas 116 entidades de poboación e 11 parroquias. Os dous núcleos de poboación principais son Bertamiráns e O Milladoiro, que concentran máis do 60% dos 31.278 habitantes do concello en 2018. As características urbanas actuais do concello son relativamente recentes e contrastan coa tradicional estrutura económica e demográfica dun concello rural como foi Ames ata os anos 1990. A partir de entón, o concello vese afectado por un proceso de metropolización con orixe en Santiago de Compostela: a proximidade a esta cidade xunto co menor prezo do solo, fixo que Ames absorbese parte do crecemento da capital, que se dirixiu principalmente aos núcleos de Bertamiráns e O Milladoiro. A expansión do fenómeno urbano fai que as características deste se mesturen coas dun medio rural de baixas densidades e usos agro-gandeiros do solo. A situación de Ames na área urbana de Santiago de Compostela explica en grande medida o enorme crecemento de poboación desde a década dos 90, que pasa de apenas 10.000 hab. en 1991 a máis do triplo no 2018.

Polo que atinxe ao ámbito educativo, a presión do crecemento do alumnado obriga a un coñecemento profundo sobre o estado do sistema educativo coa finalidade de identificar as debilidades e necesidades, e planificar solucións. Con respecto ao nivel académico dos pais e nais de Educación Primaria, predominan as ensinanzas universitarias que no caso das mulleres case acada o 50% e no caso dos homes o 40%. Existe, polo tanto, un maior nivel académico por parte das nais, froito do incremento das mulleres na educación superior nas últimas décadas. En canto á Formación Profesional, a porcentaxe representada polos pais é sensiblemente maior á das nais cun 22,1% fronte un 16,52%.

Así pois, o nivel educativo dos pais e nais é relativamente alto, debido, en parte á chegada nos últimos anos de poboación nova vinculada a traballos cualificados na capital de Galiza. A oferta educativa municipal de Ames contempla dúas escolas infantís (O Bosque e a Madalena); dúas escolas unitarias (A Igrexa e Covas); unha escola de educación infantil (EEI Milladoiro); tres centros educativos de infantil e primaria (CEIP Barouta, CEIP Agro do Muíño e CEIP A Maía); un centro educativo de primaria (CEP Ventín) e dous institutos de

ensino secundario (IESP de Ames e o IES de Milladoiro.).

O IESP de Ames ten adscritos os seguintes centros:

- CEIP Barouta
- CEIP Agro do Muíño
- CEIP a Maía

## **B) Alumnado e profesorado**

Neste curso 2021-2022, hai catro grupos cursando a materia de libre configuración, proposta polo departamento de Educación Física, *Promoción de estilos de vida saudables* que se desenvolve en 1º ESO, se imparte en Inglés e ten unha carga lectiva de unha hora semanal. A materia é impartida pola profesora D<sup>a</sup> Montserrat BOUZAS LAMAS e é a opción maioritaria elixida polo alumnado. Agárdase volver contar este curso con unha auxiliar de conversa.

## **C) Instalacións e medios materiais**

Para ver os medios materiais dispoñibles pódese consultar o inventario na programación de Educación Física. Mais cabe destacar que no presente curso non será viábel dispoñer da Aula de Informática para tódolos cursos e as instalacións deportivas haberán de se compartir, polo que haberá que buscar alternativas de cara ao futuro se se quere impartir a materia cun mínimo de calidade.

## **OBXECTIVOS XERAIS**

Segundo se recolle no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza, a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galiza, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galiza, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade da lusofonía.

## **CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

En liña coa Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente, o novo marco curricular baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Adóptase a denominación das competencias clave definidas pola Unión Europea e identifícanse sete competencias clave que son aquelas que toda persoa precisa para a súa realización e desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

A materia de PEVS ten como finalidade principal que o alumnado alcance a COMPETENCIA MOTRIZ, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e emocións que interveñen nas múltiples interaccións que realiza unha persoa no seu medio e cos demais, que permite que o alumnado supere os problemas motores

propostos. A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento das restantes competencias clave do currículo:

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A materia contribúe ao desenvolvemento da **competencia social e cívica**, principalmente, mediante o coñecemento e a comprensión de estilos de vida saudables e prexudiciais para a propia saúde e a dos demais; en relación coa mellora da propia esperanza de vida así como a comprensión por parte do alumno/a dos importantes cambios persoais e sociais que nos primeiros cursos de ESO experimenta e que poden alterar ou afianzar esa interacción co seu medio físico e, en consecuencia, a prevención de comportamentos perigosos que dificulten a interacción co mesmo.

A interacción coa contorna constitúe un elemento esencial, e vese facilitada polo coñecemento e utilización do proceso de resolución de problemas e a aplicación de solucións, para identificar e dar resposta a necesidades concretas, avaliando o proceso e os seus resultados, e sacando conclusións positivas.

Pola outra banda, a análise de hábitos nutricionais, de vida diaria (hixiénicos, posturais e de primeiros auxilios) e de práctica de actividade física por parte do alumnado desde varios puntos de vista, permite coñecer como fomentalos ou evitalos. É importante o desenvolvemento da capacidade e da disposición para lograr unha contorna saudable e unha mellora da calidade de vida mediante o coñecemento e a análise crítica da repercusión ambiental da propia actividade e o fomento de actitudes responsables de consumo racional.

A contribución á **autonomía e iniciativa persoal e o espírito emprendedor**, céntrase no modo particular en que proporciona modelos propios de prácticas saudables e plans de práctica de exercicio diario. E será maior na medida en que, a metodoloxía empregada na aula, fomente modos de enfrontarse a eles de maneira autónoma e creativa, incida na valoración das diferentes alternativas e prepare para a análise previa das consecuencias das decisións que se toman no proceso.

Contribuirase ao desenvolvemento da **competencia dixital** e de **aprender a aprender** na medida na que as aprendizaxes asociadas incidan no uso dos computadores da aula ABALAR, nas destrezas básicas asociadas a un uso suficientemente autónomo destas tecnoloxías e, en definitiva, contribúan a familiarizarse cos diferentes programas e aplicacións informáticas que se van empregar. En todo caso, están asociados ao seu desenvolvemento os contidos que permiten localizar, procesar, elaborar, almacenar e presentar información co uso da tecnoloxía.

O uso instrumental de ferramentas **matemáticas** (cálculo IMC, uso de escalas, interpretación de gráficas, porcentaxe alimentos, análise de etiquetas, cálculo sesións semanais de actividade física, FC...) contribúe a configurar adecuadamente a competencia matemática.

A contribución á competencia en **comunicación lingüística** realízase a través da adquisición de vocabulario específico (alimentación e exercicio físico, termos médicos ou



científicos), que teñen que utilizarse nos procesos de busca, análise, selección, resumo e comunicación de información.

A lectura, interpretación e redacción de informes e documentos, fichas, artigos, caderno do alumno (caderno traballo e lectura), contribúe ao coñecemento e á capacidade de utilización de diferentes tipos de texto e das súas estruturas formais. O uso da lingua galega (léxico específico) estende así o seu ámbito de aplicación facilitando a normalización da no ámbito profesional.

A conciencia de **expresións culturais** adquirese desenvolvendo a iniciativa (proposta de actividades diversas de práctica saudable no centro e na contorna), o coñecemento e fomento de consumo de alimentos do país a través de programas implementados pola XUNTA e o inventariado de instalacións e actividades físicas ofertadas polo Concello de Ames.

## **CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE: TEMPORALIZACIÓN E MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA**

### **A) TEMPORALIZACIÓN**

Dada a profunda interrelación dos contidos incluídos no currículo, non estableceremos unha temporalización ríxida que os separe nos dous bloques fundamentais.

O desenvolvemento dos contidos realizarase en función dos intereses e respostas do alumnado ante os distintos temas a tratar, de que as condicións meteorolóxicas permitan realizar actividades no exterior ou se deba recorrer ao uso do ximnasio, aulas ABALAR e aula de informática, da planificación doutras actividades relacionadas coa actividade física e a alimentación que se programen no centro (programa froita na escola, plan proxecta, actividades deportivas nos recreos, contratos-programa...).

A temporalización proposta, polo tanto, terá carácter orientador.

### **B) CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

Os contidos de tipo actitudinal estarán asociados ós diferentes tipos de contidos e deben ir construíndose ao longo de toda a etapa. Aproveitaremos os contidos procedimentais para xerar actitudes.

1. Buscamos utilizar contidos que propicien a implicación do alumno, evitando a división tradicional en dous roles delimitados: profesor-activo-comunicador, alumno-pasivo-receptor.
2. Faremos uso na medida do posible de contidos que axuden a ter un hábito ou inciten a unha práctica habitual de actividade física, polo que se desenvolverán contidos cos que poda gozar no seu entorno próximo.
3. Procuraremos non tratar sempre un contido do mesmo xeito, para manter viva a motivación do alumnado.
4. Contidos que respecten a coeducación, plasmado nas intencións educativas.
5. Tentaremos garantir cos contidos utilizados que todo o alumnado poida participar, independentemente das súas capacidades físicas.
6. Os contidos terán unha parte individualizada en función dos intereses do alumnado.
7. Fomentarse a creación de formatos dixitais.
8. No primeiro e segundo trimestres abordaremos a promoción de estilos de vida saudable a través da promoción da actividade física. Loitaremos contra o sedentarismo de diversas formas:
  - organización de torneos deportivos nos recreos.
  - valoración positiva de calquera actividade física realizada fóra do horario lectivo.
  - práctica de xogos e deportes de forma global e lúdica.
  - promoción de rutas alternativas para vir ao instituto en bicicleta, andando ou en patíns.

9. No terceiro trimestre abordaremos a promoción de estilos de vida saudable a través dunha alimentación sa e equilibrada e abordaremos a promoción de estilos de vida saudable a través do coñecemento e aplicación de principios básicos, e do desenvolvemento de actitudes críticas ante hábitos prexudiciais para a saúde. Levaremos a cabo diversas actividades:

- características dunha dieta equilibrada.
- roda dos alimentos.
- análise crítica das etiquetas dos diferentes alimentos.
- análise grupal da oferta alimenticia da cafetería do centro.
- almorzos saudables nos recreos.
- vídeos educativos.
- charlas do Centro de Saúde de Bertamiráns e Cruz Vermella.
- Lectura de artigos.
- Debates.
- Xogos de rol.

O que se pretende é proporcionarlle ao alumnado os recursos necesarios que lles permitan chegar a un nivel de competencia motriz e a ser autónomos na súa práctica de actividades físicas, tamén se intenta que fagan unha práctica regular de actividade física. Os contidos serán individualizados e tamén os estándares, en función dos intereses de cada quen.

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe organízanse en torno aos seguintes eixes:

- Comprender os conceptos.
- Amosar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo, a os outros e á contorna.
- Valorar a importancia de levar a cabo un estilo de vida saudable no día a día.

Os contidos e estándares de aprendizaxe a desenvolver durante o curso son os seguintes:

Obx.	Contidos	Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro (Grao mínimo)	Comp. clave	Elem. trans.	Temp
<b>Bloque 1. Actividade física e saúde</b>							
c m	B1.1. Actividade física como hábito de vida saudable: como, cando, onde, canta e por que.	B1.1. Coñecer a relación entre a práctica regular de actividade física e a saúde.	PEVSB1.1.1. Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade.	Identifica 5 beneficios e 5 efectos adversos	CMCCT	CL EOE CA EC EV TIC	17 sesións
			PEVSB1.1.2. Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora.	Coñece os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade	CMCCT		
a c e m	B1.2. Avaliación e análise da postura, da composición corporal e da actividade física saudable realizada.	B1.2. Avaliar a postura, a composición corporal, a actividade física desenvolvida e a inactividade, aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	PEVSB1.2.1. Coñece e avalía a súa postura, a composición corporal (talla, peso, IMC, etc.), a actividade e inactividade física diaria, a tensión arterial, etc., aplicando sistemas sinxelos e as novas tecnoloxías.	Calcula o seu IMC e identifica o biotipo, postura corporal. Rexistra nun diario dixital mensual a cantidade de tempo de actividade e inactividade.	CMCCT CAA		
			PEVSB1.2.2. Elabora, analiza e avalía un diario da súa actividade física desenvolvida durante un período de tempo acordado.		CMCCT		
g l m	B1.3. Plans e estratexias para o incremento da actividade física diaria e para a redución dos períodos de inactividade.	B1.3. Aplicar un plan para o incremento da actividade física saudable ao longo do día, utilizando os recursos dispoñibles no contorno.	PEVSB1.3.1. Elabora un plan para o incremento da súa actividade física diaria, reducindo os tempos de inactividade (televisión, teléfono móbil, etc.) e os desprazamentos con motor, e comprométese a pólo en práctica durante un período de tempo acordado de xeito individual ou en grupo.	Acomete un plan individual de incremento da actividade física diaria empregando os recursos propios e os da contorna máis próxima.	CMCCT CAA CSC		
			PEVSB1.3.2. Localiza e utiliza os recursos dispoñibles no seu contorno para a realización de actividade física saudable.		CMCCT CD CAA		
			PEVSB1.3.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar os hábitos tóxicos relacionados coa actividade física (sedentarismo, vigorexia, dopaxe, etc.).	Identifica os 4 principais hábitos tóxicos relacionados e propón unha listaxe de estratexias para evitalos.	CSC		
g l m	B1.4. Organización e promoción da práctica de actividade física diaria.	B1.4. Deseñar, organizar e difundir actividades para fomentar o incremento da práctica de actividade física diaria.	PEVSB1.4.1. Deseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno e/ou a súa localidade.	Deseña e difunde no centro escolar e entre a comunidade educativa unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá. Recolle información do nivel de condición física empregando o programa DAFIS	CD CAA		
			PEVSB1.4.2. Deseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá.		CD CAA		
			PEVSB1.4.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.).		CMCCT CAA CSC CSIEE		

Obx,	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Indicadores de logro (Grao mínimo)	Comp. clave	Elem. trans.	Temp
<b>Bloque 2. Alimentación para a saúde</b>							
l m	B2.1. Alimentación como hábito de vida saudable. Beneficios e riscos para a saúde derivados da dieta. Modelos de dieta atlántica e mediterránea como patróns alimentarios saudables.	B2.1. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, o sexo e a actividade física diaria.	PEVSB2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxestión desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	<b>Coñece os principios básicos da alimentación, diferenza os nutrientes, os grupos de alimentos, o balance enerxético, recomendacións nutricionais e de hidratación, reparto diario de alimentos e confección de menús adaptados á idade e nivel actividade física realizada e á dieta atlántica.</b>	CMCC T	CL  EOE CA TIC	17 sesións
			PEVSB2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións que propoñen os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.		CMCC T CAA		
e m	B2.2. Inxestión alimentaria e hidratación segundo as recomendacións saudables máis adecuadas á súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	B2.2. Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria.	PEVSB2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	<b>Rexistra nun diario dixital a inxestión calórica durante unha semana.</b>  <b>Relaciona e compara os resultados obtidos no diario dixital cos estándares para a súa idade, nivel de actividade física e sexo</b>	CMCC T CAA		
			PEVSB2.2.2. Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria.		CMCC T		
			PEVSB2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	<b>Recoñece os 4 principais hábitos tóxicos relacionados coa alimentación e describe 2 características distintivas de cada un.</b>	CSC		
g l m	B2.3. Deseño de propostas dietéticas sinxelas. Estratexias para a incorporación das recomendacións de alimentación e hidratación como hábito de vida saudable.	B2.3. Deseñar, utilizar e difundir estratexias para a adquisición de hábitos de alimentación e hidratación saudables.	PEVSB2.3.1. Deseña, utiliza e difunde unha guía para aplicar as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria, e comprométese a aplicala durante un período de tempo acordado.	<b>Deseña e difunde no centro escolar e entre a comunidade educativa unhas recomendacións dietéticas básicas para adolescentes.</b>	CMCC T CD CAA		
		B2.4. Deseñar dietas sinxelas, aplicando as recomendacións segundo idade, sexo e actividade física diaria durante un período de tempo acordado.	PEVSB2.4.1. Deseña e elabora unha proposta de almorzos e merendas saudables, respectando as recomendacións dietéticas para a súa idade, o seu sexo e o seu nivel de actividade física, e comprométese a desenvolvela durante un período de tempo acordado.		CMCC T CAA CSIEE		
l m	B2.4. Estratexias para a selección de alimentos e bebidas, que permitan o cumprimento das recomendacións. Etiquetaxe nutricional dos alimentos e das bebidas.	B2.5. Facer unha escolla axeitada de alimentos e de bebidas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria, valorando criticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos.	PEVSB2.5.1. Elaborar unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria.	<b>Elabora unha lista semanal da compra tendo en conta as recomendacións dietéticas traballadas na clase.</b> <b>Realiza unha compra nun supermercado da contorna interpretando a etiquetaxe nutricional de 4 alimentos seleccionados (procedentes de grupos diferentes)</b>	CMCC T CAA		
			PEVSB2.5.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.		CMCC T CAA		

### C) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

CÓDIGO	INSTRUMENTO	VALOR
PTF	PORTAFOLIOS	50%
EXP	EXPOSICIÓN TEMÁTICAS	25%
PRO	PRODUTO FINAL	20%
NOR	NORMAS	5%

- **PORTAFOLIOS:** Compilación de fichas e actividades elaboradas semanalmente no traballo de clase en formato dixital.
- **EXPOSICIÓN TEMÁTICAS:** Realizadas na clase e en grupo ou individualmente, ao menos unha por cada bloque da materia
- **PRODUTO FINAL:** Presentación dos proxectos (un por cada bloque da materia), empregando as tecnoloxías da información, á comunidade educativa e avaliación do resultado final.
- **NORMAS:**
  - 1.1. Uso adecuado da vestimenta deportiva establecida cando a clase o requira.
  - 1.2. Respecto, coidado e colocación do material (especialmente dos ultrapotátiles) e instalacións.
  - 1.3. Asistencia a clase.
  - 1.4. Mostrar actitudes de cooperación cos demais e de respecto ás diferenzas individuais.
  - 1.5. Mostrar actitudes de autodisciplina e iniciativa persoal.
  - 1.6. Participar mostrando esforzo e interese nas distintas actividades propostas.

### D) CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

- **Cualificación de cada avaliación:**

A cualificación final de cada avaliación terá en conta traballo desenvolto na aula e reflectido no Portafolios individual, os traballos de investigación individuais e en grupo, así como a actitude e o comportamento amosados polo alumno/a. Seguindo os criterios establecidos nos instrumentos de avaliación.

- **Ponderación dos criterios e estándares de aprendizaxe:**

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMP. CLAVE
<b>BLOQUE 1. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE</b>		
1.1. Coñecer a relación entre a práctica regular de actividade física e a saúde.	PEVS1.1.1. Coñece os beneficios para a saúde da práctica regular de actividade física, así como os efectos adversos da inactividade.	CMCCT
	PEVS1.1.2. Identifica os principais parámetros de saúde axeitados para a súa idade, e relaciona a actividade física idónea para a súa mellora.	CMCCT
1.2. Diseñar, organizar e difundir actividades para fomentar o incremento da práctica de actividade física diaria.	PEVS1.2.1. Diseña, utiliza e difunde un plan de mobilidade peonil e/ou en bicicleta no seu contorno	CD CAA
	PEVS1.2.2. Diseña, utiliza e difunde unha guía para o incremento da actividade física na vida cotiá.	CD CAA
	PEVS1.2.3. Organiza, nun medio tanto natural como urbano, actividades para a difusión, o fomento e a práctica de actividade física saudable en grupo (familia, grupo clase, centro, amizades, etc.).	CMCCT CAA CSC CSIEE

BLOQUE 2. ALIMENTACIÓN PARA A SAÚDE		
2.1. Valorar a alimentación como un hábito de vida saudable e as recomendacións dietéticas e de hidratación adaptadas á idade, ao sexo e á actividade física diaria.	PEVS2.1.1. Coñece as recomendacións dietéticas e de hidratación, a importancia para a saúde dunha alimentación sa e equilibrada (variada, suficiente, etc.), e os riscos para a saúde da inxesta desmesurada de produtos azucrados, salgados, etc.	CMCCT
	PEVS2.1.2. Identifica os alimentos e as recomendacións dos produtos e os modelos de dieta atlántica e mediterránea, e os seus beneficios.	CMCCT CAA
2.2. Analizar e avaliar de xeito sinxelo a inxestión habitual e a hidratación, e coñecer as recomendacións de inxestión máis adecuadas á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria.	PEVS2.2.1. Rexistra, analiza e avalía a súa propia inxestión durante un período de tempo acordado, tendo en conta as recomendacións para a súa idade, o seu sexo e a súa actividade física diaria.	CMCCT CAA
	PEVS2.2.2. Coñece as recomendacións de inxestión alimentaria e hidratación adecuadas á súa idade, ao seu sexo e ao seu nivel de actividade física diaria	CMCCT
	PEVS2.2.3. Adquire e utiliza estratexias socioemocionais para evitar hábitos tóxicos relacionados coa alimentación (anorexia, drogas, alcohol, tabaco, etc.).	CSC
2.3. Facer unha escolla de alimentos e de bebidas axeitada á súa idade, ao seu sexo e á súa actividade física diaria, valorando criticamente as indicacións da etiquetaxe dos produtos.	PEVS2.3.1. Elabora unha lista da compra semanal, respectando as recomendacións dietéticas segundo a idade, o sexo e a actividade física diaria.	CMCCT CAA
	PEVS2.3.2. Interpreta correctamente e de xeito básico a etiquetaxe nutricional dos produtos alimenticios, identificando os valores recomendados para a súa saúde.	CMCCT CAA

A CUALIFICACIÓN establecerase en función da consecución dos criterios de avaliación en cada trimestre, quedando resumidos da seguinte maneira:

CRITERIO DE AVALIACIÓN	1ª AVAL.	2ª AVAL.	3ª AVAL.	XUÑO
Criterio 1.1	20%	20%	20%	20%
Criterio 1.2	20%	20%	20%	20%
Criterio 2.1	20%	20%	20%	35%
Criterio 2.2	25%	25%	25%	25%
Criterio 2.3	15%	15%	15%	15%
	100%	100%	100%	100%

- **Cualificación final da materia**

1. O alumnado que aprobe todas as avaliacións obterá a media aritmética derivada da suma das tres avaliacións.
2. O alumnado con unha ou dúas avaliacións suspensas que presentou as actividades de recuperación correctamente:
  - Obterá a súa cualificación da media aritmética de cada avaliación, sendo o cinco a nota da avaliación suspensa. Dita nota poderase subir no caso que a súa actitude cara á materia sexa moi positiva e participativa pero nunca será superior a un seis.
  - O alumnado que teñan dúas ou máis avaliacións suspensas cuxa actitude cara á

materia sexa negativa terá a cualificación de Insuficiente na convocatoria de xuño.

- **Proba extraordinaria de setembro:**

Para aqueles alumnos/as que non superen a materia na avaliación ordinaria, realizarase unha proposta de Proxecto dixital e individual de traballo, que deberán entregar e defender oralmente no mes de setembro.

- **Recuperación para alumnado con faltas de asistencia:**

Aqueles alumnos/as que non puideran asistir con regularidade ás clases por motivos xustificadas dentro da legalidade terán que:

- Presentar un Proxecto dixital e individual referido ós contidos que se traballaron na aula durante o período de ausencia e realizar unha proba teórica referida ao mesmo.
- Por outra banda os mínimos esixibles adaptaranse, na medida do posible, aos días de asistencia do alumno/a á clase, é dicir, aqueles obxectivos que requiran a presenza física na aula (prácticas, participación nos proxectos, etc), serán tidos en conta segundo os días nos que o alumno/a asistiu á clase.
- Aqueles alumnos/as que perdan o dereito á avaliación continua (20% en cada trimestre), terán dereito só á realización dun único exame final, onde se avaliarán todos os contidos da materia.

- **Procedemento de seguimento, avaliación e cualificación do alumnado coa materia pendentas:**

Seguindo a Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galiza, modificada pola Orde do 23 de xuño de 2008: *o alumnado que promocióne de curso sen ter superado todas as materias seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente ao devandito programa. A avaliación do programa de reforzo será tida en conta para os efectos de cualificación das materias non superadas. Correspóndelles aos departamentos didácticos a organización destes programas. Cada profesor ou profesora desenvolverao no curso no que imparte docencia. Os centros educativos organizarán os procesos de avaliación da recuperación das materias pendentas.*

*- O alumnado que non promocióne permanecerá un ano máis no mesmo curso. Esta repetición irá acompañada dun plan de recuperación das aprendizaxes non adquiridas co fin de favorecer a adquisición das competencias básicas.*

Polo tanto, dende o departamento, levaranse a cabo as seguintes actividades:

1. **Actividades de seguimento/reforzo:**

Fixaranse citas con certa periodicidade e de acordo co alumnado en cuestión para tratar os temas máis importantes e revisar a confección dos traballos propostos.

2. **Actividades de recuperación:**

- Presentación dos traballos pendentas
- Participación activa nas diferentes actividades

3. **Actividades de avaliación:**

- Proxecto dixital teórico.
- Execución de probas prácticas, segundo os contidos procedimentais desenvolvidos.

Tanto o programa de reforzo, como o programa de recuperación, organizaranse para cada estudante tendo en conta as dificultades de aprendizaxe que motivaron a non superación da materia en relación cos mínimos establecidos na programación docente da mesma. Para a avaliación da materia terase en conta os progresos que o alumnado realice nas actividades de reforzo e de recuperación, así como a súa evolución na materia.

### **E) OBXECTIVOS PROPOSTOS (PLURILINGÜISMO)**

Pretendemos conseguir, ademais dos contemplados no currículo oficial para o nivel educativo, os seguintes obxectivos:

- Mellorar e reforzar as aprendizaxes en lingua inglesa en colaboración coa auxiliar de linguas e o profesorado coordinador.
- Favorecer o desenvolvemento da competencia comunicativa.
- Favorecer a comunicación e intercambio de profesorado e alumnado para aproximar a cultura dos países anglosaxóns ao alumnado do centro.
- Fomentar actitudes de tolerancia e respecto.
- escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación e adquirindo un dominio aceptable do vocabulario específico.
- Expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación no aula de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
- Utilizar progresivamente a lingua inglesa como vehículo de comunicación secundario.
- Ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado procedentes de distintas fontes de información en lingua inglesa. Seleccionar e presentar esa información oralmente e por escrito. Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas na propia lingua.
- Valorar a lingua propia como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
- Manifestar unha actitude receptiva e de autoconfianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.
- Introducir gradualmente o uso do inglés como vehículo de comunicación oral e escrita.
- Coñecer e empregar vocabulario e expresións específicas da materia de Educación Física en lingua inglesa.
- Implicar ao alumnado no coñecemento da diversidade cultural.
- Mellorar a calidade do currículo.
- Atender á diversidade lingüística do alumnado, ofrecendo posibilidades diferentes de achegamento á lingua.
- Participar en programas educativos europeos.
- Impulsar intercambios escolares.
- Perfeccionar a capacitación do profesorado.
- Promover o traballo multidisciplinar
- Facilitar o acceso do profesorado ao coñecemento doutros sistemas educativos.

Optarase por unha versión equilibrada á hora de introducir os contidos lingüísticos coa axuda da auxiliar de conversa:

- A lingua estará imbricada en todos os contidos.
- Existirá un enfoque natural no que a lingua se aprenda da forma máis eficaz en situacións reais.



- A aprendizaxe centrarase en contidos significativos máis que na corrección de erros.
- O ensino dos contidos centrarase no alumno e no seu nivel de partida.
- Producirase unha gran flexibilidade e variedade en atención á diversidade e ós distintos tipos e estilos de aprendizaxe.
- A aprendizaxe estará baseada en boa medida en procesos e tarefas.
- A aprendizaxe será o máis interactiva e autónoma posible.
- Darase cabida ao proceso de ensino e aprendizaxe cooperativa.
- Favorecerase o uso de múltiples recursos e materiais, especialmente as TICs, producíndose un contexto de aprendizaxe máis rico e variado.

A maioría de áreas basean o seu traballo lingüístico na comunicación escrita, de forma que a comunicación oral queda relegada a un segundo plano. Quizais sexa a área da Educación Física a que preste máis atención a un enfoque comunicativo dentro do ensino secundario. Por todo iso, a comunicación oral debería de ser a que articulara todo o ensino de aspectos lingüísticos na nosa área.

A gramática non terá un rol básico e serán os profesores das áreas lingüísticas os responsables de ensinala.

En función das nosas propias necesidades organizaremos os contidos de forma que consigamos a máxima aprendizaxe posible da lingua estranxeira na nosa área, sen dificultar a transmisión dos contidos específicos da materia.

## **F) ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

Non se trata da ensinanza da lingua estranxeira senón, do ensino dunha materia a través da lingua estranxeira.

Todas as investigacións, observacións e análises amosan que se aprende correctamente unha lingua cando se utiliza para aprender e cando serve para comunicarse. Igualmente, e de forma natural, poténcianse as súas capacidades de tradución e interpretación.

O obxectivo é que as seccións bilingües sirvan como dinamizadoras do emprego do Inglés fóra do seu contexto máis formal na clase de Lingua Estranxeira. E o que pretendemos é que, ademais de desenvolver contidos da materia, o Inglés sexa outro elemento máis que incorporamos como ferramenta de traballo na aula, como tamén o son o Galego, os balóns, a cámara de vídeo, a música, o ordenador ou as saídas pola contorna. De tal xeito que o alumnado se atope nun ambiente onde a utilización do Inglés se impoña coma unha necesidade de comunicación, pero non coma un elemento de valoración que conduza a unha nota de avaliación.

Pódese fundamentar a dinámica da aula en torno a tres elementos esenciais, relacionados co emprego da lingua:

O primeiro leva á utilización dunha linguaxe propia de aula e propia da materia. Unha linguaxe propia da aula porque o alumnado acostúmase a oír primeiro, a entender despois e finalmente a falar en Inglés, aspectos relativos á aula, como instrucións de traballo (saudar ao entrar no ximnasio, pasar lista, acender o ordenador, traballar en grupo, repartir o material de traballo para cada actividade...), normas de convivencia (cómo entrar no ximnasio, falar máis baixo, repartir os espazos de traballo, facer grupos....).

O segundo elemento ten que ver coa utilización de dúas linguas de xeito integrado por parte do profesorado e do alumnado. O cambio de código lingüístico é constante e permanente. Pode ocorrer que cando o profesorado introduza o tema en Inglés e presente material escrito en Inglés, o alumnado pregunte en Galego/Castelán, e se lle responda en Inglés matizando e aclarando determinados conceptos en Galego ou solicitando a algún alumno ou alumna que vaia traducindo.

Como resultado de todo o anterior debemos buscar a tolerancia cos erros. Non

somos profesores de Inglés, polo que a marxe de erro na utilización da lingua estranxeira aumenta. Pero ademais, estes erros poden ser tamén útiles, xa que contribúen a achegar a lingua ao alumnado, facendo que perda o medo a intervir en público. Por outra banda, resulta evidente que se pretendemos incrementar a confianza do alumnado para a utilización do Inglés, deberemos ser coidadosos e tolerantes diante das súas incorreccións, valorando positivamente a súa capacidade de comunicación fronte á perfección da mesma.

Polo que respecta ós contidos a desenvolver, realizarase un seguimento escrupuloso da programación da materia proposta para cada curso e nivel, simultánea ao alumnado que non participa no proxecto. Desta maneira preténdese establecer unha base sólida á que o alumnado poda acudir no caso de precisar axuda ou apoio. Por iso, consideramos oportuno contar con libros de texto e materiais en inglés e outro material de consulta relacionado coa materia (pósters, DVDs, dicionarios...)

A medida que este proxecto se vaia estendendo no tempo e dependendo da experiencia do alumnado, daríase especial importancia á comprensión escrita dos textos e a utilización do vocabulario adquirido. Debería ser un obxectivo a cumprir que o alumnado mellorase a súa expresión oral e escrita na materia a través da utilización dun vocabulario axeitado.

A metodoloxía utilizará estilos de ensino dos tres modelos: instrutivo, participativo e emancipador, buscando a súa adecuación aos diferentes obxectivos e contidos de cada unidade didáctica e sesión, aínda que loxicamente, se realizará maior fincapé no segundo e terceiro modelo (en diferente grao, en función das características de cada grupo e de cada alumno) buscando de forma recorrente a conexión das áreas transversais, favorecendo de forma importante o traballo en equipo, e prestando unha especial atención á diversidade.

Potenciaranse as actividades e enfoques que promovan a autonomía individual e de grupo en todo o relacionado coa actividade física, a través dunha organización e sistematización persoal do traballo. As técnicas de ensino adecuaranse ao exposto anteriormente. Ao comezar cada curso, realizaremos cuestións teóricas e prácticas para ter información de cada grupo, así como para afondar no grao de coñecemento e dominio dos bloques a tratar.

Ao comezo do curso, na primeira sesión, informaremos os alumnos dos obxectivos da materia, contidos e dos bloques que nela incluímos; así mesmo, dos criterios de avaliación e do procedemento para as aplicacións prácticas.

Por ser unha área onde predomina o aspecto práctico sobre o teórico hai máis posibilidades de facer unha inmersión lingüística en linguas dende o principio, a un nivel que poida ser comprensible para todos os alumnos. Dende a primeira clase todos os comentarios, explicacións e normativa para actividades faranse nas dúas linguas, procurando apoiar con xestos e simulacións de exercicios ou actividades para que sexan claras para todos.

Alumnos con necesidades educativas especiais:

◆ Actividades de Repaso e Afondamento: Enfocaranse a aqueles alumnos que teñan algún problema para alcanzar os obxectivos mínimos programados, e dedicarse fundamentalmente ao repaso das probas de avaliación das distintas unidades.

◆ Adaptacións significativas: Efectuaranse individualmente unha vez coñecidos os casos particulares. Sabemos que se nos poden presentar alumnos con casos variados e moi diferentes, o que se pretende é unha interacción total dos alumnos, respectando as súas particularidades.

◆ Adaptacións non significativas: Prodúcese continuamente, posto que o proxecto curricular está baseado no principio de adaptación a cada alumno, en particular en canto a obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

◆ Actividades de ampliación: Deseñadas para o alumnado que acade o grao mínimo e estea en condición de profundar nos contidos da materia.

## **G) PAUTAS PARA A AVALIACIÓN DO PROXECTO**

Na procura dunha avaliación o máis obxectiva posible intentaremos deseñar e aplicar distintos instrumentos para coñecer o grao de funcionamento da sección a diferentes niveis, dende o puramente académico ata á percepción do alumnado sobre a súa aprendizaxe.

Os instrumentos de avaliación que se plantexan consistirán en:

- Enquisas-avaliación: para avaliar tanto os aspectos xerais da dinámica da materia, tales como metodoloxía, contidos, criterios de avaliación, valoración do grupo, avaliación do profesorado...
- Enquisa de autoavaliación do grao de utilización do Inglés.
- Test oral de contidos: esta proba cubrirá contidos propios da materia e as cuestións estarán todas en Inglés.
- Valoración externa: utilización dos modelos de exame que se empregarn nas EOI para a consecución do nivel básico e/ou intermedio.